



**Lingua de  
Namorar**

## **Lingua de namorar 2020**

Lingua de namorar é un concurso en liña de mensaxes de amor en lingua galega dirixido a todos os mozos e mozas de 14 a 35 anos.

O obxectivo principal de Lingua de namorar, organizado pola Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado e mais pola Secretaría Xeral de Política Lingüística, é dinamizar o uso da lingua galega entre os mozos e mozas nas súas relacións persoais e nas novas tecnoloxías, nomeadamente, na Internet e na mensaxería instantánea.

Para participar no concurso, só tes que premer no botón “Envía as túas mensaxes” e cubrir o formulario. Ademais da mensaxe ou mensaxes, cómpre indicar os datos persoais e de contacto.

### **Características das mensaxes**

Cada participante poderá enviar un máximo de dúas mensaxes ao concurso Lingua de namorar (extensión máxima de 350 caracteres para cada mensaxe). Estas mensaxes deberán estar escritas en lingua galega e poderán redactarse en prosa ou en verso.

### **Categorías de idade e premios**

Establécense tres premios por cada unha das categorías de idade:

- 1º Bicicleta pregable NILOX X2 Plus Motor 250w Roda 16” Autonomía 25 Km
- 2º Tablet LENOVO ZA470057SE. 10,1” - 2/32 XB – Cámaras frontal e traseira
- 3º Cámara deportiva SUNSTECH Adrenaline. Vídeo 4K/30FPS. 16 Mp wi-fi

### **Prazos de participación e votación**

O prazo para enviar as mensaxes remata o luns 9 de marzo.

Do 10 ao 13 de marzo abrírase o período de votación. As persoas que desexen votar polas súas mensaxes favoritas deberán cubrir o formulario que se habilitará para o efecto.

### **Xurado e resolución**

O xurado do concurso reunirse unha vez rematado o prazo de votación e elixirá as declaracións gañadoras de entre as 50 declaracións máis votadas polos usuarios e usuarias en cada unha das categorías de idade.

Poderá consultarse aquí o nome das persoas gañadoras, a partir do 23 de marzo.

### **Entrega de premios no mes de abril**